

# **GUÍA DO ARQUIVO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

## **CÓDIGO DE REFERENCIA**

ES.27029 ADPLU

## **NOME**

*ARQUIVO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO*

## **DATAS**

1832/

## **VOLUME E SOPORTE**

2.300 ml, aproximadamente

Caixas: 11.309

Libros: 3.084

8 armarios con planos

Predomina o papel

## **HISTORIA INSTITUCIONAL**

A primeira acta de instalación na Deputación Provincial de Lugo é de data 11 de novembro de 1835, período continuado ininterrompidamente ata hoxe.

Temos constancia da existencia da primeira Deputación Provincial de Lugo de 1822 a 1823, aínda que non temos documentación no Arquivo Provincial.

## **HISTORIA ARQUIVÍSTICA**

A partir de 1987 incorpóranse unha serie de Normas básicas no Arquivo, xa que estas non existían e que afectan ós ingresos da documentación, custodia e consulta.

Forma de ingresos:

Como norma xeral as transferencias ó Arquivo fanse de forma regular ou con carácter extraordinario, segundo a normativa establecida polo Arquivo Provincial dende 1988.

Na actualidade só recibimos documentación con carácter extraordinario por falla de espazo, xa que os tres depósitos que temos están cheos.

Tamén temos documentación de distintas institucións de ámbito provincial desaparecidas como son:

- Comisión Mixta de Recrutamento
- Xunta Provincial do Censo Electoral

## **GUÍA DO ARQUIVO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

- Consello Provincial
- Comisión Provincial de Servizos Técnicos

Non houbo ningún ingreso por compra ou doazón de documentación.

### **NOVOS INGRESOS**

Só se admite documentación con carácter extraordinario, xa que as transferencias ó arquivo están pechadas ata que non dispoñamos dun novo local, que a día de hoxe se está a arranxar.

As transferencias fanse segundo a normativa establecida polo arquivo e sempre respectando o calendario pactado coas oficinas produtoras da documentación.

### **ALCANCE E CONTIDO**

A documentación do Arquivo Provincial ten que ver fundamentalmente coas funcións e competencias que a Deputación tivo ó longo da súa historia.

- Conservación de Obras Públicas
- Establecementos de Beneficencia
- Fomento
- Apoio o Desenvolvemento da Agricultura, Gandería e Industria
- Recadación de Tributos Estatais, Provinciais e Municipais

Os fondos documentais abranguen dende a súa constitución no ano 1835 ata hoxe. Do primeiro período case non conservamos documentación agás libros de Actas de Sesións e libros do BOP de Lugo e tamén a Gaceta de Madrid.

A partir do ano 1968 reservamos documentación da Beneficencia.

O ámbito xeográfico é o da provincia de Lugo.

### **VALORACIÓN, SELECCIÓN, E ELIMINACIÓN**

A eliminación da documentación non foi a máis correcta ó longo da historia do Arquivo. Existen relacións de documentos que foron expurgados que cos criterios arquivísticos actuais non se eliminaron. Ó mesmo tempo, houbo períodos longos de 1972 ó 1988 no que o Arquivo non tivo arquivista. O que levou ás eliminacións incontroladas, non tendo testemuño escrito. Consérvanse unhas relacións de expurgo referentes á beneficencia:

- Casa Inclusa de Mondoñedo:
- Expedientes de Acolidos 1870-1876

## **GUÍA DO ARQUIVO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

- Expedientes de Persoal da Casa Inclusa
- Expedientes de Profillamento 1869-1896
- Expedientes de Profillamento 1924-1925
- Contas Municipais de todos os concellos da provincia de Lugo 1876-1927

Na actualidade non realizamos ningunha eliminación da documentación xa que estamos á espera da creación dunha Comisión Cualificadora de Documentos recollida no Regulamento do Arquivo da Deputación.

### **FONDOS**

Ata o ano 1989 non se empregou no Arquivo da Deputación un sistema de clasificación nin tampouco unha descrición de fondos normalizada.

Dende esta data fíxose unha clasificación orgánico-funcional e a partir do ano 2003 faise unha clasificación funcional seguindo as propostas dos grupos de traballo de arquivistas da Administración Local.

Os fondos quedarían da seguinte maneira:

#### **A – Fondo da Administración Interinstitucional:**

Documentación conservada no Arquivo da Deputación correspondente ós organismos de ámbito provincial cos que dalgunha maneira estivo a Deputación vencellada.

<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>ANOS</b>	<b>LIBROS</b>	<b>CAIXAS</b>
Censo Electoral	1882-1973		298
Comisión Mixta de Recrutamento	1887-1925	67	896
Comisión Provincial de Servizos Técnicos	1953-1977		297
Comisión Mixta de Recrutamento	18987-1925	67	896

## **GUÍA DO ARQUIVO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

Consello Provincial	1845-1867	7	1
Xunta de Armamento e Defensa	1836-1837	1	1
Xunta de Caridade	1835-1841	1	1
Xunta de Goberno Provisional	1840-1843	2	1
Xunta Provincial de Maternidade e Beneficencia	1840-1849	1	1
Xunta de Sanidade	1832-1851	1	1
Patronato de Ensino Medio e Profesionais de Lugo	1950-1969		14

### **B – Fondo da Deputación Provincial de Lugo:**

Contén a documentación xerada pola Deputación dende a súa creación no ano 1835 no exercicio das súas funcións ata hoxe.

#### **GOBERNO**

Presidencia	1953-1986	3	11
Pleno	1835-1983	122	
Comisión Provincial	1871-1931	58	

## GUÍA DO ARQUIVO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Comisión de Gobierno	1979-1984	6	
Comisións Informativas Especiais	1979-1983		2

### ADMINISTRACIÓN

Secretaría	1953-1997		9
Servizos Xurídicos	1950-1993		25
Arquivo	1937-2004	1	
Rexistro	1930-1992	98	5
Persoal	1856-1997	2	311
Patrimonio	1883-1932		5
Informática	1982-1986		9
Contratación	1982-1998		77
Parque Mobil	1926-1986		18

### SERVIZOS

## **GUÍA DO ARQUIVO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

Agricultura	1940-1974		29
Beneficencia, Sanidade e Asistencia Social	1862-1988	49	967
BOP (Boletín Oficial da Provincia)	1834-2005	340	42
Cultura	1871-1997	2	54
Educación	1856-1969	4	22
Montes	1942-1976		137
Plans Provinciais	1976-2002		1523
Vías,Obras e Urbanismo	1841-1987		1310

### **ASUNTOS ECONÓMICOS**

Intervención	1850-1993	2571
Recadación	1906-1984	1079
Tesourería	1852-1984	90

### **CONDICIÓNS DE ACCESO E DE REPRODUCCIÓN**

Ceibe. Existen cautelas para documentos que conteñen datos de carácter persoal.

O Regulamento do Arquivo contempla o procedemento das consultas e da reprodución documental en calquera dos soportes tanto en papel, coma en soportes especiais, (fotografía, disquetes ou CD).

# **GUÍA DO ARQUIVO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

## **LINGUA**

Fundamentalmente en castelán.

A partir da aprobación do Estatuto de autonomía de Galicia coa aprobación, defensa e promoción do galego, aparece esta lingua máis aínda é moi escasa nos documentos oficiais desta Deputación.

## **CARACTERÍSTICAS FÍSICAS E REQUISITOS TÉCNICOS**

O estado en xeral da documentación é bo, máis algúns libros do BOP encóntranse afectados pola humidade, estes son os comprendidos entre os anos 1867 a 1896, ambos inclusive.

## **INSTRUMENTOS DE DESCRIPCIÓN**

- Rexistro de entrada de documentos
- Inventario Xeral (Coa descrición da unidade de instalación)
- Follas de remisión
- Relacións de contido dalgunhas series
- Estase a elaborar a informatización dalgunhas series documentais

## **NOTAS**

Con data do 12 de febreiro de 2009 están inventariadas 7.242 caixas das 11.309 distribuídas nos 3 depósitos que posúe o Arquivo da Deputación

A Biblioteca Auxiliar ten un volume de 3.084 libros, dos cales 1796 están catalogados.

Este labor comezouse a realizar no ano 1988, momento na que a arquivista actual comezou a traballar no Arquivo da Deputación encontrándose a documentación desorganizada, espallada e sen inventario.

No Arquivo non había ningunha infraestrutura arquivística de ningures.

## **ARQUIVEIRO**

Descrición realizada por **Rosa Canto Reboredo**.

## **DATA DE DESCRIPCIÓN**

2005-9-2

1º - Revisado 2006-3-31

# **GUÍA DO ARQUIVO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

2º - Revisado      2009-11-12